



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Nomeamento de 8 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal, do Concello de Laxe, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo (oferta núm. 12-2023-7151)

Expte. Admvo. Núm.: 2023/E001/000004

Expte. Decreto Núm.: 2023/G003/000585

A Xefatura Territorial da Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade comunicou a este concello, con data do 14/06/2023, a concesión dunha subvención para a contratación, baixo a modalidade de contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego, a tempo completo e por un período de 2 meses, de 8 socorristas para o Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias e na piscina municipal, ó abeiro dos Programas de Fomento de Emprego coas entidades locais, para o ano 2023.

Por Resolución de Alcaldía núm. 511/2023, de data do 20/06/2023 aprobáronse as bases para a contratación laboral temporal de 8 socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal, previa preselección realizada pola oficina de emprego de Carballo.

Posteriormente, tramitouse a oferta para este posto de traballo na oficina do servizo público de emprego de Carballo; remitindo esta oficina a relación de candidatos preseleccionados para o dito posto (oferta núm. 12-2023-7151).

Por medio da Resolución de Alcaldía núm. 540/2023, de data 27/06/2023 aprobouse a lista de admitidos e excluídos á mencionada convocatoria.

Vista a acta de selección do Tribunal que avaliou os méritos acreditados polos aspirantes presentados ao concurso-oposición na que propón ao sr. Alcalde designar a Xian Pérez Merelas, Bieito Santos Charlín, Adrián Lema Mira, Fabio Méndez Reyes, Laura Ramos Mira e Ángel Toja Álvarez, como socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo nas praias do concello, e a Claudia García Antelo e Alexandra García Torres como socorristas para o Servizo de vixilancia e socorrismo na piscina municipal do Concello de Laxe, todos eles por un período de tempo de 2 meses, baixo a modalidade de contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego (código 405).

Unha vez comprobada a documentación presentada polos aspirantes Xian Pérez Merelas, Bieito Santos Charlín, Adrián Lema Mira, Fabio Méndez Reyes, Laura Ramos Mira e Ángel Toja Álvarez, Claudia García Antelo e Alexandra García Torres establecida na base undécima das bases de selección.

Esta Alcaldía, en virtude do disposto no art. 21.1 h) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora da Lei de Bases de Réxime Local,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear a Xian Pérez Merelas con DNI núm. 49****39S, a Bieito Santos Charlín con DNI núm. 78****06T, a Adrián Lema Mira, con DNI núm. 78****53H, a Fabio Méndez Reyes con DNI núm. 45****94L, a Laura Ramos Mira, con DNI núm. 78****13Y e a Ángel Toja Álvarez, con DNI núm. 49****95D como persoal laboral temporal para que realicen as tarefas de socorristas no Servizo de Vixilancia e Socorrismo nas praias do (Expte. TR351A 2023/58-1 Vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego. O contrato terá unha duración de 2 meses, dende o 01/07/2023 ata o 31/08/2023, ámbolos dous incluídos.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Segundo: Nomear a Claudia García Antelo, con DNI núm. 51****03K e a Alexandra García Torres, con DNI núm. 47****29X como persoal laboral temporal para que realice as tarefas de socorrista na piscina municipal descuberta (Expte. TR351A 2023/58-1 Vixilancia e socorrismo nas praias e na piscina municipal), a xornada completa e baixo a modalidade de contrato de traballo coas cláusulas específicas de contrato vinculado a programas de políticas activas de emprego. O contrato terá unha duración de 2 meses, dende o 01/07/2023 ata o 31/08/2023, ámbolos dous incluídos.

Terceiro: Nomear a Bieito Santos Charlin para que realice as tarefas de coordinador.

Cuarto: De acordo coa base 9.5 das bases de selección esta resolución publicarase no Taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na sede electrónica municipal e substituirá ás notificacións individuais aos/as interesados/as, conforme ao disposto no art. 45 da Lei 39/2015.

Quinto. Dar conta ao Pleno municipal na vindeira sesión ordinaria que se celebre.

Mándoo e asínoo, en Laxe, na data da sinatura á marxe, o Alcalde D. José Luís Pérez Añón, do que eu como secretario-interventor acumulado dou fe.

O alcalde
Asdo. José Luís Pérez Añón

O secretario-interventor acumulado
Asdo. Francisco Javier Novoa Juiz